

UNIDADE 2. A Revolución Industrial.

1. A orixe da Revolución industrial.

1.1. O concepto de Revolución Industrial

A Revolución Industrial foi un conxunto de importantes transformacións económicas e sociais que se produciron como consecuencia da utilización masiva de máquinas nos procesos de produción.

Estes cambios iniciáronse en **Gran Bretaña na segunda metade do século XVIII** e supuxeron o paso dunha economía agraria e dunha sociedade rural a unha economía industrial e unha sociedade urbana.

Na Revolución Industrial pódense diferenciar dúas fases:

- a **Primeira Revolución Industrial**, que comezou cara a 1760.
- a **Segunda Revolución Industrial**, que se iniciou arredor de 1870.


A Revolución Industrial foi acompañada de importantes cambios demográficos e agrarios.

1.2. A revolución demográfica.

- Na segunda metade deste século iniciouse un **crecemento demográfico** importante e estable.
 - A súa causa principal foi o **descenso da mortalidade** á vez que a natalidade seguiu sendo alta.
 - A mortalidade descendeu por varias razóns:
 - As **epidemias de peste** bubónica, frecuentes na Idade Moderna, **remítiron**.
 - **Mellorou a alimentación**, o que fixo a poboación máis resistente as enfermidades.
 - Avances na agricultura. alimenticios.
 - O millo e a pataca pasan a ser alimentos básicos.
 - Houbo **progresos na hixiene**
 - privada (maior uso do xabón....).
 - pública (melloras no abastecemento de auga potable e servizo de limpeza).
 - **Mellorou a sanidade**. Descubriuse a vacina contra a varíola. Novos hospitais.
- O crecemento da poboación provocou un **aumento da demanda de produtos agrícolas e industriais** e permitiu dispoñer de máis man de obra para empregar nas novas fábricas.

Ao longo do século XIX acelerouse o crecemento da poboación europea. Europa pasou duns 203 millóns de habitantes no ano 1800 a 408 en 1900.

1. MOVIMENTO NATURAL DA POBOACIÓN INGLESA



1.3. Unha época de grandes migracións

- Moitos **campesiños partiron ás cidades en busca de traballo**, o que deu lugar a un intenso **proceso de urbanización** en Europa. **“Exodo Rural”**.
- Naquel momento, **as cidades non tiñan capacidade** para absorber todo o **éxodo campesiño**.
 - Como consecuencia, entre 1800 e 1924, **60 millóns de europeos emigraron a outros países**: Australia, Canadá, Brasil. Arxentina e. sobre todo; Estados Unidos... **Migracións transoceánicas**.

25. MIGRACIONES ENTRE 1820 E 1914




1.4. A revolución agrícola

O aumento da demanda de alimentos favoreceu a **aplicación de innovacións**.

- **Melloraron as técnicas agrícolas.**
 - O barbeito substituíuse pola **rotación cuatrienal de cultivos (sistema Norfolk)**. A terra dividíase en catro, en que se alternaban trigo, nabos, cebada e trevo. Deste xeito, cultivábase sempre sen esgotar a fertilidade da terra.
 - **Arado de ferro. Novas máquinas:** sementadoras, malladoras e recolledoras mecánicas.
- **Transformáronse as estruturas agrarias.**
 - As revolucións liberais acabaron coas propiedades señoriais e comunais **explotadas de forma colectiva** e a terra converteuse en **propiedade privada**.
 - Os burgueses comezaron a comprar parcelas coa intención de investir nelas para obter beneficios.
- **Reformouse a gandaría.**
 - Parte das terras destináronse a producir **forraje para o gando**. O número de cabezas aumentou.
- **A produción do sector primario medrou** no século XVIII.
 - Os agricultores obtiveron maiores ingresos e puideron aforrar e formar un capital.
 - Algúns investiron estes aforros na industria ou na banca.

4. ROTACIÓN CUADRIENAL DE CULTIVOS



1.5. Unha nova forma de pensar

Ademais dunha expansión demográfica e agrícola, en Gran Bretaña déronse **outras condicións** favorables para o crecemento económico.


- **Existencia de amplos mercados.**
 - Un sólido mercado interior, boas comunicacións e na ausencia de aduanas interiores.
 - Ademais, vendía as súas mercadorías nas súas numerosas colonias de ultramar.
- **Aparición dunha nova mentalidade.**
 - A burguesía tiña unha forma de actuar aberta ao investimento apoiadas en leis.
- **Abundancia de xacementos de ferro e carbón**, para as novas fábricas.

2. A Primeira Revolución Industrial.

2.1. Do obradoiro á fábrica

- Na segunda metade do século XVIII inventáronse en Gran Bretaña diversas máquinas que necesitaban **grandes espazos e custosos investimentos**.
 - **James Watt patentou a máquina de vapor**, que funcionaba con **carbón**, multiplicando a importancia das rexións carboníferas.
 - A aparición das fábricas supuxo que as actividades industriais se **concentrasen** en determinados lugares.
 - Modificouse a forma de traballar: cada obreiro **especializouse nunha única tarefa** do proceso produtivo (**división do traballo**), tiña un horario e debía traballar ao ritmo que impoñía a máquina.
 - A división do traballo **aumentou a produtividade**.
 - **Abaratáronse os custos** de fabricación e os prezos dos produtos diminuíron.

5. A INDUSTRIALIZACIÓN BRITÁNICA EN 1800



2.2. Os sectores punta.

A **industria téxtil algodoeira** británica dispoñía dunha materia prima **abundante e barata**: o algodón que chegaba desde as **colonias**.

- Esta industria foi a primeira que incorporou as innovacións técnicas no fiado e no tecido.

- O desenvolvemento do sector téxtil impulsou outras actividades, como
 - a agricultura, que subministraba materias primas.
 - a siderurxia, que proporcionaba o ferro para fabricar as máquinas.

Na **industria siderúrxica**, Henry Cort patentou un novo procedemento que permitía obter a grande escala **lingotes de ferro refinado de calidade**.

- Construíronse modernos **altos fornos** e a demanda e produción de ferro multiplicáronse.
- Este material utilizábase para elaborar máquinas e ferramentas.

3. A revolución dos transportes.

3.1. O gran desenvolvemento da navegación

A produción industrial británica medrou a gran velocidade. Isto fixo necesario contar con **transportes rápidos e seguros** para asegurar o aprovisionamento das fábricas e a distribución das mercadorías.

- No século XVIII o **transporte por estrada era incómodo, lento e inseguro**.
- O **transporte fluvial era máis barato e seguro** ca o terrestre.
 - Entre 1770 e 1830 fixéronse numerosas **canles**, especialmente para trasladar mercadorías voluminosas, como o carbón.
 - A **máquina de vapor aplicouse** axiña na **navegación**. En 1807, o estadounidense **Fulton** puxo en funcionamento a primeira liña comercial con **barcos a vapor**.

3.2. A era do ferrocarril.

O ferrocarril xurdiu da conxunción de dous avances da Revolución Industrial:

- a **máquina de vapor**, que se empregaba para a propulsión da locomotora.
- o **ferro**, que era a materia prima para a construción do tren e dos raís.

En **1814**, o inglés George **Stephenson construíu unha locomotora de vapor** para transportar cargas entre as minas de carbón.

En **1825**, inaugurouse a **primeira liña de ferrocarril** de carga en Inglaterra.

En **1830** abriuse a **primeira liña ferroviaria para o transporte regular de pasaxeiros** (traxecto Liverpool – Manchester).

Os avances técnicos fixeron do ferrocarril un medio cada vez máis **rápido, seguro e barato**, e **acelerou a industrialización** nos lugares que atravesaba e potenciou:

- a **minería**, xa que aumentou a demanda de carbón.
- a **siderurxia**, pois a construción de vías esixía enormes cantidades de ferro.

3.3. Os efectos da revolución dos transportes


Os novos transportes, máis velozes, máis seguros e con maior capacidade de carga, tiveron un forte impacto económico e social:

- **Potenciaron o desenvolvemento da minaría, da metalurxia e da siderurxia.**
- **Desenvolveuse o comercio: reduciron os tempos de travesía e os custos de transporte, e favorecéronse as viaxes.**
- Impulsaron a **especialización da economía mundial.**
- **Modificaron a Vida cotiá.** Permitiron mellorar a dieta e facilitaron a emigración.

10. PRINCIPAIS LIÑAS FERROVIARIAS EN 1850



12. REDUCIÓN DA DURACIÓN DAS VIAXES GRAZAS AO FERROCARRIL



SABER MÁIS

Cambios nos transportes

A partir de 1890 o barco de vapor desprazou definitivamente o de vela. Incorporou casco de ferro e comezou a usar hélices, que aceleraron a navegación. Outros avances, como a apertura do canal de Suez, en 1869, entre o mar Mediterráneo e o mar Vermello, permitiron reducir o tempo das viaxes marítimas.

O petróleo usouse de combustible en dous novos medios de transporte: o **automóbil**, inventado en paralelo por Karl Benz e Gottlieb Daimler en 1895, e o **avión**. Os irmáns Wright realizaron o primeiro voo con motor en 1903. (13)



13. Primeiro voo dos irmáns Wright, en 1903.

4. A Segunda Revolución Industrial

A partir de 1870 desenvolveuse a Segunda Revolución Industrial.

4.1. Novas fontes de enerxía e industrias

Dúas novas fontes de enerxía foron a base da 2ª **Revolución Industrial**.

- A **electricidade** que posibilitou a aparición de novos medios de transporte e de comunicación.
- O **petróleo**, que adquiriu grande importancia coa invención do **motor de explosión**, aplicado aos automóviles.

A **industria téxtil perdeu o seu liderado**, a **siderurxia mantívose** e as **industrias química e eléctrica comezaron a despuntar**.

As novas industrias medraron sobre todo en **Estados Unidos e Alemaña**.

4.2. A grande empresa e a banca moderna

Creáronse sociedades anónimas. O capital da empresa fracciónase en **participacións ou accións que se negocian na Bolsa**.

Os **bancos** convertéronse nun elemento clave. Prestaban diñeiro ás empresas e pasaron a ser intermediarios entre os particulares e as empresas. Nace o **capitalismo financeiro**.

4.3. Sistemas de produción innovadores

A finais do século XIX aplicáronse novos sistemas para aumentar a produción.

- O enxeñeiro **Frederick W. Taylor** creou o **taylorismo**.
 - O proceso de produción dividíase en pequenas tarefas.
 - Cada obreiro especializábase nunha tarefa.
- O empresario **Henry Ford** empregou nas súas fábricas de automóviles (o fordismo)
 - o **traballo en cadea**. Os **produtos pasaban dun operario a outro** a través dunha **cadea de montaxe**; así evitábanse os tempos mortos e aumentaba a produción.
 - **produción en serie**, é dicir, a fabricación dun produto en grandes cantidades a partir de diversas pezas iguais deseñadas industrialmente. Deste xeito abaratao os prezos.

A necesidade de realizar **grandes investimentos** e o desexo de controlar os mercados fixo que se producisen fusións e acordos entre empresas. Xurdiron distintas **formas de concentración empresarial**:

- **Cártel. asociación de empresas da mesma rama de actividade**, que chegan a acordos para controlar a produción e a distribución, fixar os prezos e compartir os beneficios.
- **Holding**. É un **conxunto de empresas controladas por unha delas**, que é a **propietaria** da maior parte das **súas accións**.
- **Trust**. É unha **agrupación voluntaria de diferentes empresas para cubrir todas as fases da produción** dun artigo, co fin de dominar o mercado ao eliminar a competencia.

5. A expansión da Revolución Industrial.

Bélxica foi o primeiro país que se industrializou tras o Reino Unido, grazas aos seus recursos naturais e á súa tradición artesanal,

En **Francia** produciuse entre 1830 e 1850, pero non chegou o nivel británico.

Alemaña viu dificultada a súa industrialización debido a que non foi un Estado unificado ata 1870, o que entorpecía o comercio.

Estados Unidos converteuse nunha gran potencia industrial a finais do século XIX debido a abundancia de recursos naturais: ferro, carbón... e a especialización produtiva.



O xapón da era Meiji. O desenvolvemento industrial xaponés foi impulsado polo Estado, que creou industrias e ferrocarrís e apoiou os empresarios privados.

6. A sociedade de clases.

6.1. Unha nova sociedade.

- A **nova sociedade industrial** baseouse na **igualdade xurídica**: todos os homes eran xulgados polas mesmas leis e tribunais, e podían **acceder aos postos públicos** segundo os seus méritos.
- Non obstante, a sociedade era profundamente desigual.
 - As **mulleres seguían subordinadas aos homes** (pais ou maridos).
 - Había **grandes diferenzas económicas**.
- A sociedade **dividiuse en clases sociais** e desapareceron os estamentos.
 - As clases sociais **diferéncianse pola súa capacidade económica** e non polos seus privilexios, como no Antigo Réxime.

6.2. As clases sociais.

Distínguense **tres clases**: alta (aristocracia e alta burguesía), media e baixa.

- A **aristocracia perdeu parte da súa preeminencia social** cando se **eliminaron os seus dereitos señoriais** sobre os campesiños e comezou a **pagar impostos**.
 - Non obstante, a súa forma de **vida ostentosa** era imitada polos **burgueses**.
- A **alta burguesía converteuse na clase poderosa** da nova sociedade industrial.
 - Englobaba **grupos diversos**: empresarios, altos funcionarios, profesionais liberais...
 - Os **seus valores chegaron a ser predominantes**:
 - a **importancia do traballo, o esforzo, o aforro e a sobriedade**.
 - a **exaltación da familia e o fogar**.
 - Tamén **apreciaban a educación**.
- Apareceu unha **ampla clase media ou pequena burguesía**.
 - Era un **grupo heteroxéneo** formado por mestres, artesáns, pequenos comerciantes, postos intermedios da Administración e do Exército, propietarios,...
- **As clases baixas**.
 - A pesar da industrialización a **maioría da poboación eran campesiños**.
 - A súa **situación era moi variable**: campesiños propietario, xornaleiros, servos...
 - Tamén **apareceu o proletariado**, formado por aqueles que **só posuían a súa forza de traballo** e a “vendían” a cambio dun salario, os obreiros.
 - **realizaban tarefas que requirían pouca cualificación e cobraban salarios moi baixos**, que apenas permitían sobrevivir.
 - **nenos deixaban a escola moi axiña** porque o seu traballo era necesario para o sustento da familia.

7. O nacemento do movemento obreiro.

7.1. Os primeiros pasos: ludismo e sindicatos.

- A concentración de obreiros nas fábricas fíxolles tomar **conciencia da súa dura situación laboral** e intentaron melloralas.
 - Coñécese como movemento obreiro o **conxunto de iniciativas colectivas** levadas a cabo polos traballadores asalariados para **mellorar as súas condicións**.
- As **primeiras reaccións** contra as malas condicións laborais foron espontáneas e moitos obreiros **destruíron as máquinas**, ás que culpaban da súa situación.
 - Este movemento coñécese como **ludismo**.
- O primeiro movemento organizado con fins laborais e políticos foi o **cartismo**.
 - Entre os anos 1838 e 1848 logrou unha gran mobilización en Gran Bretaña, ao presentar ao Parlamento a **Carta do Pobo**, un documento en que se reclamaban
 - **dereitos laborais**

- o **sufraxio universal**, pois nese momento os obreiros non tiñan dereito ao voto.
- O **dereito de asociación** recoñeceuase por primeira vez en **Gran Bretaña en 1824**.
 - A partir dese momento naceron os primeiros **sindicatos (trade unions)**, que reclamaban
 - melloras salariais,
 - redución da xornada laboral,
 - supresión do traballo infantil, etc.
 - O seu principal instrumento de presión era a **folga**.

7.2. A ideoloxía obreira: marxismo e anarquismo

- O **marxismo ou socialismo científico** debe o seu nome a un dos seus principais teóricos: **Karl Marx**. Xunto con **Friedrich Engels** publicou en 1848 o **Manifesto comunista**, onde formularon as súas teorías.
 - Afirmaban que nas **sociedades industriais** existe unha **loita de clases** entre opresores e oprimidos. Identificaban
 - os **opresores coa burguesía**, propietaria dos medios de produción, que explotaba os obreiros para lograr maiores beneficios.
 - os **oprimidos cos obreiros**, que vendían aos primeiros a súa forza de traballo.
- Marx propoñía emprender unha **revolución para destruír o capitalismo** e dar o poder aos traballadores.
 - Tras unha fase de **ditadura do proletariado**, na que o Estado regularía a sociedade,
 - estableceríase unha **sociedade comunista**, sen clases sociais nin propiedade privada.
 - O **Estado entón desaparecería**.
- O **anarquismo** tivo como ideólogos a **Mikhail Bakunin e Priot Prokotkin**.
 - Os anarquistas **opoñíanse a calquera forma de Estado** e aspiraban a substituílo por **asociacións voluntarias entre as persoas**.
 - Defendían a **colectivización da propiedade** e **rexeitaban os partidos políticos** e a participación nas eleccións.
 - Pensaban que a **acción sindical e a folga** debían ser os métodos de actuación revolucionaria.

Comparar as ideoloxías marxista e anarquista

As ideoloxías marxista e anarquista coinciden no seu desexo de acabar coa sociedade de clases e instaurar unha sociedade comunista, pero diferían na forma de facelo.

FAINO ASÍ


14 • Le os textos e explica as semellanzas e diferenzas entre o marxismo e o anarquismo.

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

O marxismo

Toda historia da sociedade humana, ata hoxe, é unha historia de loita de clases. [...] Opresores e oprimidos, fronte a fronte sempre, empeñados nunha loita ininterrompida [...].

A revolución comunista significa a ruptura máis radical coas relacións de produción tradicionais [...]. O proletariado usará do seu poder político para arrincar paso a paso á burguesía todo o seu capital, centralizar todos os instrumentos de produción nas mans do Estado, é dicir, do proletariado organizado como clase dominante [...]. Nun principio, todo iso só é posible, naturalmente, mediante intervencións despóticas no dereito de propiedade e nas relacións burguesas de produción.



K. MARX e F. ENGELS, *Manifesto comunista*, 1848

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

O anarquismo

O noso programa pode ser resumido nunhas poucas palabras: [...] Guerra contra todos os déspotas e opresores.

Restitución total aos traballadores: todo o capital, as fábricas e todos os instrumentos de traballo e materias primas deben ir ás asociacións, e a terra aos que a cultivan coas súas propias mans. [...] Igualdade para todos. [...]

A organización dunha sociedade mediante unha federación libre, desde abaixo cara arriba, de asociacións de traballadores [...], primeiro nunha comuna, despois unha federación de comunas en rexións, de rexións en nacións, e de nacións na asociación fraternal internacional.

Mikhail BAKUNIN, «Socialismo sen Estado» en G. P. MAXIMOFFE, *A filosofía política de Bakunin: o anarquismo científico*, 1953

7.3. As Internacionais obreiras.

- En 1864 as organizacións obreiras crearon a primeira **Asociación Internacional de Traballadores (AIT)**, que desapareceu pouco despois polos desacordos entre socialistas e anarquistas.
- Algúns dirixentes socialistas fundaron en 1889 a **Internacional Socialista (Segunda Internacional)** para coordinar as organizacións obreiras marxistas.
 - Esta organización creou algúns símbolos do movemento obreiro, como a festa do Primeiro de Maio.
- Pouco a pouco, o movemento obreiro **foi conseguindo logros: redución da xornada laboral, limitación do traballo infantil,...**

34. LOGROS DO MOVEMENTO OBREIRO NO SÉCULO XIX



8. A Revolución Industrial en España.

8.1. O predominio da agricultura

- No século XIX, España seguía sendo un **país fundamentalmente agrario** en que o **70% da poboación activa** traballaba en labores agropecuarios.
- Os políticos liberais tomaron **diversas medidas** para:
 - **liberar a terra** das trabas do Antigo Réxime,
 - fomentar o **crecemento da propiedade privada** e a comercialización da produción agraria.
- Entre elas destacaron as **desamortizacións**.
 - As terras **amortizadas** son as que non se podían comprar nin vender por estar vinculadas á Igrexa, aos municipios, aos nobres...
 - A desamortización das terras consistía na **incautación polo Estado** de terras amortizadas, para vendelas a particulares en poxa pública.
- Houbo dúas grandes desamortizacións:
 - a de **Mendizábal** (1836-1844), pola que o Estado vendeu terras da Igrexa.
 - a de **Madoz** (1855), que afectou a bens dos concellos e doutras institucións.
- Coa desamortización moitos **burgueses compraron terras e melloraron os métodos** de cultivo e os aparellos agrícolas e a **produción aumentou**.
- Non obstante, a maioría dos **campesiños non puideron comprar** terras e seguiron sendo xornaleiros que apenas daban sobrevivido.

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

A desamortización de Mendizábal

Vender a masa de bens que viñeron a ser propiedade do Estado non é tan só [...] dar unha garantía positiva [saldar] á débeda nacional; [...] é abrir unha fonte abundantísima de felicidade pública; vivificar unha riqueza morta; desobstruír as canles da industria e da circulación; apegar o país [...] a todo o propio; [...] é, en fin, identificar co trono excelso de Isabel II, [a] orde e [...] a liberdade. [...]

Velaquí, señora, seguidamente bosquexados o obxecto e os fundamentos do decreto [que] someto á augusta aprobación de V. M. [...]

Gaceta de Madrid, 21 de febreiro de 1836



- Quen foi Mendizábal?
- Cales eran os obxectivos económicos e políticos da desamortización segundo o texto?

8.2. O atraso da Revolución Industrial en España.

- A RI **iniciouse con atraso** respecto a outros países europeos, como o Reino Unido ou Alemaña, debido a diversos factores:
 - **Materias primas:** O **carbón era escaso e de mala calidade** e extracción era custosa. O **ferro só se explotaban no norte da Península**, e exportábase ao Reino Unido.
 - As **infraestruturas de transporte** eran deficientes, principalmente como consecuencia do accidentado relevo español.
 - Non existía un **mercado interior** pola **reducida capacidade de compra** da poboación.
 - A escaseza de **capitais propios** fixo que gran parte dos investimentos na industria española os realizasen empresarios estranxeiros.

8.3. Industrias, ferrocarril e finanzas

- As **primeiras industrias** desenvolvéronse nas seguintes zonas:
 - A **industria téxtil do algodón en Cataluña**, localizada arredor de Barcelona.
 - A **industria siderúrxica no País Vasco e Asturias**, principalmente na ría de Bilbao.
- Os **transportes experimentaron grandes transformacións**.
 - O **1º ferrocarril** español empezou a funcionar en **1848 entre Barcelona e Mataró**.
 - A **lei de ferrocarrís de 1855** estimulou a **construción da rede ferroviaria** básica.
 - Contribuíron a **axuda estatal**, os **avances técnicos** e a **achega de capital estranxeiro**, sobre todo francés.
- Os cambios afectaron igualmente ao **sector bancario**.
 - En 1829 fundouse o **Banco Español de San Fernando**, que tiña como tarefa principal **prestar diñeiro ao Estado**.
 - En 1856 **transformouse no Banco de España**, que obtivo anos despois a concesión do **monopolio de emisión de diñeiro**.
- En 1831 naceu, ademais, a **Bolsa de Comercio en Madrid** para a negociación dos valores das empresas.



34. LOGROS DO MOVEMENTO OBREIRO NO SÉCULO XIX



9. As transformacións sociais en España.

9.1. Crecemento demográfico e emigración.

- A poboación española medrou no século XIX, pero a un ritmo menor ca o doutros países europeos:
 - pasou de **11,5 millóns de habitantes** a comezos de século a **18,6 millóns** a finais deste.
 - moitos campesiños **abandonaron o campo e dirixíronse ás cidades** (“éxodo rural”), onde se situaban **as industrias**.
 - Ademais, **numerosos españois emigraron a América**: Arxentina, Uruguai, Cuba...


9.2. As orixes do movemento obreiro.

- Ata 1868, o **movemento obreiro** en España tivo **pouca repercusión**, en parte debido á escasa industrialización do país.
- As **primeiras manifestacións** foron accións **luditas de destrución de máquinas ou fábricas**.
- Cara a 1840 xurdiron as **primeiras asociacións obreiras**, como a **Asociación Mutua de Obreiros da Industria Algodoeira**; que reivindicaban o dereito de asociación.

9.3. O anarquismo.

- A **división interna da AIT** entre **marxistas e anarquistas** inclinou os **sindicalistas españois** cara á **segunda opción**.
 - O anarquismo tivo unha **rápida difusión en España**, sobre todo en **Cataluña, Andalucía e Valencia**.
 - Despois de **dúas décadas de desorganización**, os diferentes grupos anarquistas fundaron en 1910 a **Confederación Nacional do Traballo (CNT)**, o **sindicato anarquista**.

21. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN ESPAÑOLA NO SÉCULO XIX



9.4. O socialismo

- Difundiuse por España a través de **Pablo Iglesias**, fundador en **1879** do **Partido Socialista Obrero Español (PSOE)**.
 - En **1888**, un congreso obreiro celebrado en Barcelona decidiu a creación da **Unión Xeral de Traballadores (UGT)**, **organización Sindical** estreitamente vinculada ao PSOE
 - A comezos do século XX, a **presenza socialista** en España era **menor ca a anarquista** e só tiña importancia en **Madrid e no País Vasco**.
 - Pero **desde 1914**, o socialismo **foi gañando seguidores** en Andalucía, Estremadura e Levante.



23. Mitin de Pablo Iglesias, fundador do PSOE.